



**OFRENDA DO ALCALDE DA MOI NOBRE E MOI LEAL
CIDADE DE TUI COMO DELEGADO REXIO DO ANTIGO
REINO DE GALICIA ANTE O TRONO DE XESUS
SACRAMENTADO NA SANTA IGREXA CATEDRAL BASILICA
DE LUGO NO ANO DOUS MIL VINTE SEIS, NOS
OITOCENTOS ANOS DA CONSAGRACIÓN DA CATEDRAL DE
TUI**

Lugo, 14 de xuño de 2026

Señor Sacramentado

Hoxe, na oitava da festividade do Corpus Christi, como Alcalde-Presidente da Corporación Municipal de Tui achégome a esta Santa Igrexa Catedral Basílica de Lugo en nome da miña cidade e en representación das sete antigas capitais do Reino de Galicia dando continuidade e vixencia a unha secular tradición que agroma no ano de 1669 cando os nosos predecesores acordaron contribuír ao mantemento do alumeado do Santísimo Sacramento, que por inmemorial tradición está exposto permanentemente nesta catedral lucense.

Dende aquela, logo de mais de tres séculos e medio, os concellos de A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo e Tui manteñen, con orgullo, esta tradición que liga a identidade de Galicia, as súas institucións máis perdurables, coa forza dos concellos aquí representados.

Esta Ofrenda do Antigo Reino de Galicia é a tradición institucional mais antiga que se conserva en Galicia como símbolo da identidade propia e da condición colectiva do noso país. Este acto que hoxe nos congrega neste altar maior posúe un alto valor simbólico, tanto polo seu innegable valor patrimonial -recoñecido pola Xunta de Galicia o pasado ano ao declaralo Ben de Interese Cultural coa categoría de patrimonio inmaterial- como por destacar o valor do municipalismo, o papel dos concellos, na conformación colectiva de Galicia, na defensa dos seus intereses, mediante a Xunta de Reino de Galicia, da que a actual institución autonómica é fecunda herdeira.

Unha tradición tan arraigada no noso pobo que se expresa, tamén na actualidade, nos símbolos heráldicos da nosa Comunidade Autónoma, como é no escudo de Galicia onde figura a custodia co Santísimo Sacramento e sete cruces no seu redor en referencia ás sete antigas provincias e a esta Ofrenda ao Santísimo Sacramento que hoxe nos congrega.

Quero reivindicar, en nome dos concellos aquí representados como voceiros do 315 municipios galegos, ao renovar esta Ofrenda recollendo a herdanza dos nosos devanceiros, o noso protagonismo na construción da personalidade de Galicia; protagonismo, pasado pero sen dúbida que tamén presente, na creación dunha terra máis próspera, acolledora e igualitaria.

Dende as súas orixes este Voto abrangue tamén unha dimensión de gratitude, especialmente á protección que recibimos do Noso Señor Xesús; agradecemento tamén ao Bispo e Cabido desta catedral lucense que custodian con agarimo e dedicación esta secular tradición. Gracias tamén a todos os representantes municipais que renovamos hoxe esta Ofrenda remarcando a nosa conciencia de ser continuadores dunha tradición que nos enorgullece colectivamente; gracias aos veciños de Tui, de Lugo e doutras localidades galegas que nos acompañan nesta xornada festiva

Soberano Señor Sacramentado, acudo dende as afastadas terras de Tui, pero que nos sentimos tan próximos a esta cidade de Lugo á que nos une o río Miño, que bica as nosas cidades, unidas tamén pola súa condición episcopal, polo seu rico acervo patrimonial, ou por personalidades como García Martínez Bahamonde bispo de Tui e logo de Lugo no século XV ou como o noso benquerido bispo e poeta Manuel Lago González, cóngo maxistral nesta catedral e fillo predilecto de Lugo.

Estamos celebrando actualmente os oitocentos anos da consagración da catedral de Santa María de Tui o 30 de novembro de 1225 polo bispo Esteban Egea, culminando un proceso construtivo iniciado nas primeiras décadas do anterior século.

Esta catedral, herdeira doutra anterior de época sueva hoxe ignota, iniciada na arte románica e culminada no albor da arte gótica, que elabora no noso pórtico a primeira expresión da escultura oxival na península ibérica recollendo influencia de catedrais francesas, foi completando noutras épocas a súa riqueza artística, tanto no renacemento como moi notablemente en época barroca. A nosa catedral é un exemplo sobranceiro dunha expresión de fe e de arte que procura a harmonía, a creatividade, en definitiva, a beleza.

Esta catedral é a icona da nosa cidade, a súa representación mais conseguida pois máis aló da súa dimensión teolóxica e litúrxica, da súa capacidade artística, da súa alongada historia ou quizais como unha suma destas diversas dimensións, logra vincular a cada veciño con ese templo alzado no cume do outeiro tudense expresando unha comunión, tantas veces silandeira, entre todo os tudenses que se atopan nela e nela atopan a expresión da súa identidade colectiva.

Soberano Señor vimos novamente rogar a túa axuda neste tempo incerto que nos toca vivir, onde contemplamos con preocupación crecente os cambios que albiscamos no horizonte da nosa sociedade que ten na guerra e na violencia a súa manifestación mais preocupante. Xorde un mundo onde os principios da legalidade internacional son conculcados unilateralmente polos mais poderosos, patentizando que unicamente o uso da forza e a procura do beneficio económico son os guieiros da actuación de aqueles que teñen a responsabilidade de seren modelos. O ser humano queda así reducido na súa dimensión persoal, nos seus dereitos inalienables, na súa propia vida, como un mero valor de uso, un instrumento, unha mercadoría, nun mundo que unicamente ollá ao poder, á ganancia como fin último da existencia, persoal e colectiva.

Como ben afirma o Papa León XIV na súa recente encíclica *“Magnifica humanitas”* cómpre que na vida humana *“o criterio de actuación non sexa unicamente o lucro, senón a dignidade de cada persoa e o ben dos pobos”*. Axúdanos, Señor, tomando as palabra do Papa, a edificar non unha nova torre de Babel senón a *“facer madurar a historia como un lugar onde se protexa a dignidade, se promova a xustiza e fágase posible a fraternidade”*.

Alónxanos, Señor, de todo tipo de polarización, de xenofobia, de enfrontamento que divide á sociedade e imposibilita a construción do “ben común”.

Benquerido Señor Xesús, hoxe ao depositar a nosa humilde Ofrenda queremos presentarte tamén as necesidades, os devezos e as esperanzas das xentes de Galicia.

Aínda que hai un gran esforzo de todas as institucións en reducir os niveis de exclusión social, moitos dos nosos conveciños padecen novos tipos de pobreza que xorden da precariedade laboral, dos baixos salarios, da practica imposibilidade do acceso á vivenda que leva a una exclusión residencial para tantos, da difícil conciliación entre a vida familiar e laboral, da dificultade para a emancipación da nosa mocidade, da necesidade de emigrar para atopar empregos de calidade, da discriminación por calquera motivo o condición, da soidade non desexada de tantos dos nosos maiores, de tantos nenos e mulleres que sofren violencia ou maltrato...

Aluméanos a todos, Señor Sacramentado, tanto aos responsables políticos, económicos e sociais como a toda a cidadanía, a transitar dunha sociedade

centrada no crecemento e na mercantilización absoluta a outra baseada no coidado, na interdependencia e na xustiza social, onde o noso benestar non se mida exclusivamente en parámetros de consumo individual senón na capacidade de garantir unha vida digna para todos.

Esta visión da nosa sociedade non pode ser ocasión do derrotismo, da angustia ou da decepción, senón un acicate para pular mais e mais a prol da dignidade das persoas, pola construción dunha sociedade máis humana e acollidora. Sabemos que nesta alta cobiza non estamos sos, precisamos, Señor Xesús, da túa axuda e protección que, como guieiro perdurable, nos inspire, especialmente aos que posuímos a representación democrática dos nosos veciños e veciñas.

Aproveito esta ocasión para rogar, diante do teu altar, que toda a sociedade traballe na procura do diálogo e do entendemento, que superando os lexítimos intereses e as opinións propias, garanta a prevalencia do interese xeral. Urxe superar a confrontación permanente, o diálogo de xordos, calquera tipo de crispación... pois a pesares da desinformación que padecemos hai moitos mais valores que compartimos e que nos unen como sociedade e que posibilitan o acordo, o entendemento... como testemuñamos hoxe os sete concellos representados nesa Ofrenda. Úrxenos exemplaridade de conductas, ideas de cohesión social, para que a política, no seu máis amplo sentido de todo o que atinxe á vida colectiva, sexa unha ferramenta efectiva para artellar un futuro mellor e solidario para todos.


Agardo que estas palabras representen os degoiros dos galegos todos, que mais aló das súa ideas e crenzas, temos o convencemento de que precisamos unir vontades para edificar unha terra cada vez mais acollidora para todos.

Soberano Señor Sacramentado a Vos confiamos o futuro, de Galicia e do mundo, implorando a intercesión de Nosa Señora, na súa advocación dos Ollos Grandes que honrades neste catedral, e do noso patrón, San Pedro González Telmo, para inspiredes a todos camiños de esperanza, de solidariedade e de xustiza.


Así sexa

Enrique Cabaleiro González

Alcalde de Tui



CATEDRAL DE TUI
800 ANOS



TUI
Concello